

ACTA DA REUNIÓN DO 17 DE ABRIL DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA VIXILANCIA E O CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS E O MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E DE VIXILANCIA.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

Dª. María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,00 horas do **17 de abril de 2015**, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Exame e avaliación da documentación incluída nos sobres "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

A Mesa de Contratación procede ao estudo das ofertas presentadas polas empresas concorrentes ao lote 1, que son as seguintes:

	Eulen Seguridad, s.a.	Servizos de seguridade integral A1, s.l.	Grupo RMD Seguridad, s.l.
Prezo sen IVE	170.100,00 €	171.600,00 €	169.998,00 €
IVE	35.721,00 €	36.036,00 €	35.699,58 €
Total	205.821,00 €	207.636,00 €	205.697,58 €
Número de efectivos adicionais	2	4	2
Número de horas/tarefas extraordinarias	500	0	300

A continuación comproba que, ao abeiro da cláusula décimo terceira do prego de cláusulas administrativas, non existen ofertas con baixas anormais ou desproporcionadas, polo tanto procede ao cálculo da puntuación obtida polas respectivas empresas en base aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas. A puntuación outorgada é a seguinte:

a) Prezo: de 0 a 40 puntos: Ponderaranse as ofertas adxudicando os puntos de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 40 \times \frac{\text{Orzamento licitación – oferta } i}{\text{Orzamento licitación – oferta máis baixa}}$$

EMPRESA	PROPOSTA ECONÓMICA	Puntos
Eulen Seguridad, s.a.	170.100,00 €	37,68
Servizos de seguridade integral A1, s.l.	171.600,00 €	3,58
RMD Seguridad, s.l.	169.998,00 €	40,00

b) Número de efectivos adicionais para vixilancia e seguridade para a cobertura de sesións plenarias e actos extraordinarios: ata 8 puntos.

Non se valorarán ofertas inferiores a un efectivo adicional. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

EMPRESA	Efectivos	Puntos
Eulen Seguridad, s.a.	2	4,00
Servizos de seguridade integral A1, s.l.	4	8,00
RMD Seguridad, s.l.	2	4,00

c) Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias: ata 3 puntos.

Non se valorarán oferta de horas inferiores a 300 horas. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

EMPRESA	Horas	Puntos
Eulen Seguridad, s.a.	500	3,00
Servizos de seguridade integral A1, s.l.	0	0,00
RMD Seguridad, s.l.	300	1,80

Procede a continuación a calcular a puntuación total obtida polas empresas, sumándolle a obtida en base aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor. Resulta a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas			Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	PUNTUACIÓN TOTAL
	Prezo	Efectivos	Horas		
Eulen Seguridad, s.a.	37,68	4,00	3,00	41,00	85,68
Servizos de seguridade integral A1, s.l.	3,58	8,00	0,00	33,00	44,58
RMD Seguridad, s.l.	40,00	4,00	1,80	11,00	56,80

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación das empresas concorrentes ao lote 1 (xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo

aparcadoiros e interior do edificio, tanto das persoas coma de materiais) na seguinte orde:


- 1º. Eulen Seguridad, s.a.
- 2º. RMD Seguridad, s.l.
- 3º. Servizos de seguridade integral A1, s.l.

A Mesa de Contratación procede agora ao estudo das ofertas presentadas polas empresa concorrentes ao lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro), que son as seguintes:

	Eulen Seguridad, s.a.	Sistemas de Seguridade A-1, s.l.	Cybsegur, s.a.u.	Segurlem s.l.	Integraciones Tecnicas de Seguridad,s.a.
Prezo sen IVE	55.291,61 €	48.498,00 €	52.299,00 €	39.425,00 €	42.856,02 €
IVE	11.611,24 €	10.184,58 €	10.982,79 €	8.279,25 €	8.999,76 €
Total	66.902,85 €	58.682,58 €	63.281,79 €	47.704,25 €	51.855,78 €
Nº de horas tarefas extraord.	500	0	320	120	100

Comproba que, ao abeiro da cláusula décimo terceira, a oferta económica presentada por Segurlem, s.l. esta incurso en baixa anormal ou desproporcionada polo que, antes de proceder ao cálculo e atribución da puntuación en base aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, acorda darlle audiencia para que, no prazo de cinco días hábiles, xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,20 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.


Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente


José Manuel Balseiro Orol
Vogal


María del Carmen Fernández da Silva
Vogal


María Soledad Soneira Tajés
Vogal


María Aneiros Gonzalez
Vogal


Santiago González Serrano
Secretario